

LOURO

É

HISTORIA

Pedro Garcia Rama
Asd: 

Introducción

Louro é un fermoso pobo no que hai monumentos naturais e feitos polo home. Naturais está Montelouro que é o emblema de todo o pobo de Louro. E despois os feitos polo home desde tempos antigos que perduran ata hoxe (Petroglifos, Convento, Igrexa, Fábricas de salazón reconvertidas.) Esta é unha pequena parte do pobo de Louro.

Monumentos Naturais (Montelours)



Montelours é un espazo natural privilexado; dende o punto de vista paisaxístico é o conformado polo Monte-Louro, e a Lagoa de Xalfas, que se localiza na parte exterior da vertente norte da ría e que está declarado espazo de interese natural. O pé deste monte granítico, de orixinal silveta e de 241 m de altura,

situáanse por un lado o mar en toda a súa inmensidade, e por o outro a antedita lagoa de Xalfas, de gran riqueza biolóxica.

Monumentos feitos polo home

A laxe das Rodas



As diferentes estacións rupestres localizadas en múltiples lugares deste municipio atestiguan unha importante presenza prehistórica e dan mostra do inxenio e saber facer dos nosos antepasados, convertendo a Muros nunha das principais estacións rupestres de Galicia. Segundo os historiadores J. J. Eiroa e Pepa Rei, a abundancia dos petroglifos pertencentes á Idade do Bronce que atopamos en Muros fai que perdamos falar de nada menos que de quince estacións, compostas éstas por múltiples grabados de gran singularidade, estando todos catalogados

Entre todos recoméndase visitar pola súa orixinalidade e facilidade de acceso, a da Laxe das Rodas, na parroquia de Louro, que foi descuberto no ano 1956 por o etnógrafo D. Agustín González López e según a opinión do experto D. Fernando Alonso Romero relaciónase co estendido culto ó sol, podendo representar un calendario. A este chégase polo camiño que de Louro vai dar a Taxos, atravesando o lugar coñecido como "A Pallaqueira", ou ben collendo un desvío no Km 5 da estrada CSSO, no punto denominada Portocarral, ata o lugar de San Roque, desde aquí tomarase un desvío a esquerda pola nova estrada de Taxos e pasado medos Km continúa-se a pé uns 100 m por un camiño forestal de a pé. A Laxe das Rodas consta dun grupo de dez figuras que representan dous símbolos espirais, sete circulares e un cabalo solar.

En Louro tamén destacan os castros que debido a súa antigüidade corresponden a Idade do Ferro, que se atopa en Ventín (Louro).

Ademais dos petroglifos e castros hai que destacar os restos da calzada romana que se atopa estivo á illa da Greba e que seguindo a liña da costa, discorria cara Muras.

Todos estes monumentos consérvanse nun estado aceptable.

O Convento de San Francisco de Louro

Situado a dois km da vila nun fermosa val, é fundado como ermitano en 1223 segundo o Padre Castro. Construído sobre unha capela románica dedicada a Santa Mónica do Rial, no ano 1432 pasou a ser convento. En 1835 a revolución alcanzou a exclaustación dos relixiosos, quedando abandonado, causando gran ruína no edificio. No ano 1873 volveu a ser morada dos Franciscanos, sendo restaurado polo padre Coll.



O convento, que revisteu grande importancia en épocas pasadas, posuía moitas sendas, terras e pensións vendidas cando a desamortización o contratista Manuel Venacion por seis mil pesetas para convertilo en gravilla. Desde a entrada do Convento, case unido o cemiterio, comeza unha Via Crucis construída no ano 1877, para conmemorar a recuperación do convento polos franciscanos. Composta por quince torretas en cada unha das cales represéntase un cadro da Paixón, que se eleva ata a cima do monte Calvario. Cada estación ten un fuste robusto de granito, unha capilliza, cúpula

piramidal cuadrangular e coroado todo con unha cruz
Según se pode ver na foto. A este viacrucis viña xente
de todos os lugares, recorrendo de rodellas.



O mosteiro encóitrase totalmente reconstruído. A
fábrica é sinxela destacando o claustro, dun
estilo sobrio, típico nas construcións galegas, con
arcadas de medio punto sobre columnas cadradas.



A igrexa conserva a fábrica de estilo orixinal, con
arco triunfal, columnas e capiteis. A planta ten a
capela maior na cabeceira, de menor archo e destacada
e exterior pola menor altura; volumetricamente, destaca
unha torre-campanario, erguida na fachada, de estilo gótico
e aróndino.



Hoxe en día funciona como un magnífico Hostel situado
na antiga horta.

A Igrexa de Santiago de Louro

Data do S. XVI, está formada por unha planta moi sinxela con muro de cantaría de granito nos que se apoian cimbros de madeira que sosteñen unha cuberta a dúas augas de tella, reconstruída recentemente. Na entrada da nave encoñtrase un coro ó que se accede a través dunha escaleira apegada ó muro. Na cabeceira está a ábside, de menor altura, cuberta con bóveda de cañón e desde aí que se accede a sancristía apegada nun dos seus laterais, obra de 1860, cando se produciu unha importante reforma na que se daron unha campá.



O exterior é moi sinxela; a nave principal encoñtrase percorrida por unha cornixa sobre canzorros moldurados. Na fachada principal podemos atopala porta decorada con arco de medio punta con diversas molduras apoiados sobre cornixas e columniñas nas xambas;

A porta propriamente dita ten o lintel en forma de arco rebuxado. Un arco sinxela encóitrase por riba. Está rematada superiormente por unha espadana de dobre arcada con frontais triangular e pináculos. Apegada á igrexa encóitrase o cemiterio formado por nichos e enterramentos no adro. As tumbas do cemiterio están decoradas con cunchas de vieira, quizais para que os mortos sigan cheirando o mar e para recordar que o seu pobo é un pobo marxeiro.

Dos exteriores da Igrexa, son dignos de observar os dous cruceiros alí existentes, o do adro xusto á entrada e o que está situado na fente da que hoxe en día é o aparcadeiro, este último chamada o Cruceiro da Rosa, que data de 1717, con altar e escaleiras, perdeu a cruz, non se sabe cando, e un sabio carteiro, cheo de imaxinación e osadía, repúsoa para convertida en flor. É o único cruceiro así coñecido.



O' Caldeirón



O paulabote da foto corresponde a un dos barcos que o conserveiro D. Enrique Goday Goday construíu hacia o ano 1920. En concreto debe ser a botadura do "Plácido César" ou do "Víctor Carlos" (eran barcos de tres paus practicamente xemelgos). Dado que a fábrica de Goday (na que hoxe se coñece como "a praia de Goday" de Louro, Miño) seguía tendo moitísima carga de traballo, os barcos construíronse na veciña praia de San Francisco, nas rampas dunha fábrica de salazón que se modificou para actuar como improvisado astillero, xa que na guerra civil se utilizaba como desembarcadore. Converteuse de unha fábrica a un restaurante co nome de O' Caldeirón. Durante anos, ambos buques prestaron servizo entre diferentes portos de España e do estranxeiro, levando salazón e conservas.

principalmente ~~de~~ vólvedo con bers que se encon-
traban con máis dificultade en Galicia de principios
do S. XX.

O Faro de Monte Louro



O faro consiste nun pequeno edificio de planta rectangular de $11 \times 10,20$ metros, a torre é troncopiramidal de sección hexagonal e con altura de $5,30$ metros, coroada por un balcón lixeiramente volado sobre o que descansa a torreón cilíndrico que, á súa vez, soporta a linterna poligonal de $1,60$ metros de diámetro con cristales planos e montantes verticais. Os traballos de construción finalizaron no ano 1861. Está situado na vertente de Monte Louro sobre a punta Quersal.

Este é o sinal que hai na entrada a Muros - Noia.
Foi inaugurado a principios do século XX. Nos
seus arredores sucederon numerosos naufraxios, o máis
soado é o do cruceiro Cardeal de Cisneros da
Armada Española en 1905.

O Vía Crucis de Leuro

O vía crucis ven do Latín, de "O camiño da
cruz"



Nas proximidades do convento, ascendendo polo monte
veciño, desenvólvese o orixinal Vía Crucis composto
por quince estacións, nas que se relatan escenas
da paixón de Cristo. Ao lado do vía crucis tamén
chamado, "O calvario" hai unha caseta de pedra que
se di que nela habitaba unha muller chamada
Pepiña de Rutes que se cobraba alí da fía norte
e tamén se conta que comía galinhas crías.